



BANDO MUNICIPAL QUE REGULA AS ACTIVIDADES DAS FESTAS DE SAN XOÁN NO ANO 2021

Prezadas veciñas e veciños,

Falta menos, pero aínda non chegamos. Xa sen estado de alarma, pero aínda con crise sanitaria, estamos a andar o camiño da recuperación da normalidade, baixa a incidencia acumulada e todos os datos sanitarios seguen neste momento unha tendencia positiva, que ten que se consolidar, grazas ao esforzo en vacinación e ao cumprimento das medidas ditadas polas autoridades sanitarias para preservar a saúde pública, evitando os contaxios. Pero aínda persiste a necesidade de limitar as actividades que representan máis risco de contaxio da COVID-19. Por tanto, no ano 2021 o San Xoán coruñés aínda non poderá recuperar todas as actividades que viñan sendo tradicionais. Para vencer a crise sanitaria é preciso que a cidadanía continúe a realizar un esforzo de responsabilidade, de respecto, que se evite o amoreamento de persoas, que se poida manter a distancia social, que se respecten as limitacións de capacidade e que se use a máscara. Por iso, este ano, como xa fixemos en 2020, debemos insistir máis que nunca na dispersión da celebración, nun San Xoán que novamente se celebre nos barrios da cidade, pero aínda así sen poder realizar algunas actividades tradicionais, pois dificultan o cumprimento das medidas sanitarias.

Así, facendo uso da facultade que me concede o artigo 124, letra g, da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local,

FAGO SABER:

O 23 de xuño pecharase o acceso ás praías da cidade, que deberán baleirarse de persoas, ás 21:00 horas. Non se poderán facer cacharelas en ningún espazo público da cidade, nin poderá haber música ao vivo, nin se autorizará peche de vías públicas, todoilo para evitar que se produzan reunións dun número excesivo de persoas.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

SARDIÑADAS, CHURRASCADAS OU SIMILARES

O día 23 de xuño permitirase realizar sardiñadas, churrascadas ou similares en espazos de titularidade pública. Para isto, será preciso que as persoas interesadas presenten unha declaración responsable por escrito ao Concello, manifestando cumprir os requisitos para desenvolver a actividade e identificando a dúas persoas maiores de idade con todos os seus datos de identidade e contacto. A declaración poderá presentarse a través da sede electrónica municipal ou, no seu caso, presencialmente nos rexistros, previa cita, sempre con, canto menos, 24 horas de antelación.

O apartado de Seguridade Cidadá da web do Concello contén consellos e recomendacións relativos á seguridade desta actividade. Ademais, será obligatorio limpar onde se instalen as grellas e resto dos elementos utilizados para desenvolver a actividade.

Os servizos de seguridade e urxencias municipais (Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Urxencias e o Servizo de Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, así como nas normas ditadas polas autoridades para regular as actividades no período de nova normalidade e crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. de xeito que se as persoas responsables de instalacións que non as retiren ou non as modifiquen voluntariamente no caso de ser requiridos para iso por razón de seguridade, poidan acceder á súa retirada inmediata e traslado onde se considere necesario, sen prexuízo da iniciación, no seu caso, do expediente sancionador que puider corresponder. As zonas ocupadas por grellas e outros elementos deben garantir o libre paso de vehículos de emerxencia

Non se permitirá realizar churrascadas nin sardiñadas en zonas forestais ou baixo o arboredo de parques e xardíns. As grellas e barbacoas deben manter unha distancia mínima de 10 metros de distancia ao tronco das ábores.

Non se permitirá facer churrascadas ou instalar grellas en: a totalidade do trazado do oleoduto, o Parque de Bens e o Monte de San Pedro, os Xardíns de Méndez Núñez, os Xardíns de San Carlos, a praza das Bárbaras e a contorna da Torre de Hércules,



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

incluído o merendeiro das Lapas, sen prexuízo de que os servizos de Seguridade poidan designar algunha outra zona baseándose en criterios de protección das persoas e os bens públicos.

As infraccións das normas normativas locais, autonómicas ou estatais aplicables serán denunciadas, tramitadas e sancionadas de conformidade coa normativa que as regula en cada caso.

Nos supostos recollidos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, o Corpo de Policía Local poderá, como medida cautelar, poderá comisar ou retirar todo tipo de materiais, instalación ou bens móbiles en xeral, logo de llelo requirir ás persoas interesadas cando iso for posible. Se o comisado fose perecedoiro, destruirase ou entregárselles a centros benéficos.

A ÁREA de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que esixan as circunstancias e o desenvolvemento das actividades

Faise un chamado a toda a cidadanía para celebrar o San Xoán atendendo ao cumprimento de todas as normas e á responsabilidade na obriga de coidado que a situación e a normativa especial ditada para ela esixe, en particular en todo o relativo a evitar o contaxio e a extensión da COVID-19.

O presente bando estará en vigor desde o día da súa publicación no taboleiro de edictos e sede electrónica do Concello e ata a conclusión das actividades que nel se regulan.

A Alcaldesa

Inés Rey García

02 JUN. 2021

